



ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA VINTE E TRES DE SETEMBRO DE 2015, CON CARÁCTER ORDINARIO

SRES. ASISTENTES:

Presidente:	D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Concelleiros	D. MANUEL COSTA CARNEIRO
	D ^a . MARGARITA DEVESA CARDELLE
	D. ROGELIO LEMA MOUGÁN
	D ^a . MARÍA JESÚS PIÑEIRO CALDELAS
	D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ
	D. JUAN MANUEL CERNADAS MÉNDEZ
	D. ODÓN C. COBAS GARCÍA
	D. RAMÓN MANUEL LAGO LESTÓN
	D ^a . MARÍA DEL PILAR PEREIRO REY
	D ^a . BEATRIZ AMENAL JUNQUERA
	D. JOSÉ ANTONIO POSE RODRÍGUEZ
	D. ROBERTO CASTRO ROCAMONDE
Secretario	D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na casa do concello de Vedra, sendo as vinte e unha horas do día vinte e tres de setembro de dous mil quince, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA o PLENO DO CONCELLO, figurando os membros do mesmo ao comezo desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Acordo, se procede, sobre periodicidade das sesións plenarias.

Dáse conta das actas das sesións extraordinaria e extraordinaria -urxente celebradas o día oito de xullo do ano que se aproban por unanimidade.

Así mesmo dáse conta da acta da sesión extraordinaria celebrada o día vinte e nove de xullo do ano que andamos, que se aproba tamén por unanimidade.

2º.- Acordo, se procede, sobre do Plan económico-financeiro para o ano 2015-2016.

Dáse conta do seguinte Plan Económico Financeiro para o 2015/16.

Visto o escrito recibido con data 29/07/2015 da Dirección Xeral de Política Financeira e do Tesouro da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia no que se indica que, téndose observado que o concello de Vedra incumpriu a regra do gasto en 2014, debe aplicarse o establecido no artigo 21 da Lei orgánica 2/2012, que di que no caso de incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, obxectivo da débeda ou regra do gasto, a administración non cumpridora formulará un plan económico-financeiro que permita no ano en curso e no seguinte o cumprimento dos obxectivos e da regra do gasto.

Dado que o 31 de decembro de 2015 finaliza o período de 20 anos do recargo do 8,20% nas cotas sociais a cargo da patronal polo custe de integración dos funcionarios locais



no réxime xeral da Seguridade Social establecido polo Real Decreto 480/1993, de 2 de abril e o Real Decreto-Lei 12/1995, de 28 de decembro e que o dito recargo ascende a un importe aproximado de 11.750 euros anuais, cuantía que se aforrará anualmente a partir do 01/01/2016, non se considera necesario tomar ningunha medida inmediata extraordinaria que solucione tal situación de incumprimento da regra do gasto, entendendo que coa finalización do citado período transitorio de integración dos funcionarios no réxime xeral da Seguridade Social producirase un aforro anual e permanente no tempo que é superior ao do incumprimento no 2014, que ascendeu a seis mil novecentos noventa e catro euros con noventa céntimos (6.994,90 €).

En función do exposto anteriormente propónse: Á vista do aforro que se producirá coa redución dos créditos iniciais da aplicación 211-16000 por importe de 11.750 euros, que cubre suficientemente o incumprimento da regra de gasto, cuxo importe ascende a 6.994,90 euros, acórdase dar por cumprido o plan económico-financieiro para o exercicio de 2016.

O Pleno con once votos da favor do PP e PSdeG-PSOE e dous en contra do BNG acorda aprobar a citada proposta.

3º.- Acordo, se procede, da modificación de créditos núm. 8/2015.

Dáse conta do expediente número 8/2015 sobre modificación de créditos do Estado de gastos do orzamento municipal para o actual exercicio, no que se transfiren créditos entre distintas áreas de gasto por importe total de OITENTA E OITO MIL (88.000,00) EUROS para facer fronte a obrigas a cargo desta corporación relativas a investimentos en edificacións deportivas cofinanciados por outras administracións, a programas de promoción turística subvencionados, a gastos de mantemento das infraestruturas e da maquinaria de estradas e vías públicas e a investimentos en infraestrutura xeral viaria.

O expediente tramitouse en virtude de memoria da Alcaldía de data once de setembro de dous mil quince, e de decreto ditado como consecuencia da mesma, utilizándose como recursos para o seu financiamento:

- Baixa parcial de créditos nas aplicacións do estado de gastos do orzamento municipal para o exercicio de 2015 que deseguido se indican, por poder prescindir de contraer obrigas con cargo ás mesmas, e polas contías necesarias para financiar as modificacións orzamentarias descritas:

<u>Aplicación que cede crédito</u>	<u>Denominación</u>	<u>Importe da MC negativa</u>
160-22706	Sumidoiros. Estudos e traballos técnicos	13.000,00
160-60901	Sumidoiros. Outros investimentos en infraestrutura de saneamento	35.000,00
161-22706	Abastecemento domiciliario de auga. Estudos e traballos técnicos	27.000,00
1623-22700	Tratamento de residuos. Limpeza e aseo	10.000,00
170-60900	Medio ambiente. Investimento en infraestrutura xeral	3.000,00
TOTAL BAIXAS DE CRÉDITOS PARA FINANCIAR A MODIFICACIÓN		88.000,00

No expediente aparecen informes de Secretaría-Intervención e demais regulamentarios, todos eles en sentido favorable.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



Previa deliberación, considerando o carácter necesario e inaprazable das citadas obrigas a cargo da Corporación e que as transferencias que se propoñen non producirán perturbacións nos respectivos servizos nin nos intereses municipais, propónse:

1º.- Informar favorablemente a proposta de modificación de créditos referida, mediante a baixa parcial de créditos nas citadas aplicacións que se minoran, todas elas da área de gasto 1, e transferencia dos mesmos ás aplicacións orzamentarias, das áreas de gasto 3 e 4, que se reflicten na memoria da Alcaldía que motivou o expediente e que deberán consignarse nas mesmas co detalle e polo importe que a continuación se expresa:

<u>Aplicación que recibe crédito</u>	<u>Denominación</u>	<u>Importe da MC positiva</u>
341-62206	Promoción do deporte. Investimento en edificios	38.000,00
432-22606	Promoción do turismo. Cursos, reunións e conferencias	10.000,00
453-21000	Estradas e vías públicas. Mantemento da infraestrutura	7.000,00
453-21300	Estradas e vías públicas. Mantemento de maquinaria e instalacións	13.000,00
453-60900	Estradas e vías públicas. Investimento en infraestrutura xeral	20.000,00
	TOTAL EXPEDIENTE MODIFICACIÓN CRÉDITOS	88.000,00

Coas modificacións propostas, que non alteran a contía total do Orzamento, o resumo por capítulos do Estado de Gastos queda como segue:

CAPÍTULOS	CONSIGNACIÓN ANTES EXPTE.	AUMENTOS CRÉDITOS	BAIXAS CRÉDITOS	CONSIGNACIÓN RESULTANTE
1- Gastos de persoal	1.279.500,00			1.279.500,00
2- Gastos en bens correntes e servizos	1.355.500,00	30.000,00	50.000,00	1.335.500,00
3- Gastos financeiros	11.397,00			11.397,00
4- Transferencias correntes	47.000,00			47.000,00
6- Investimentos reais	1.090.983,48	58.000,00	38.000,00	1.110.983,48
7- Transferencias de capital	0			0
8- Activos financeiros	12.000,00			12.000,00
9- Pasivos financeiros	444.482,99			444.482,99
SUMAS TOTAIS	4.240.863,47	88.000,00	88.000,00	4.240.863,47

2º.- Que se continúe a tramitación do expediente co sometemento á aprobación do Pleno do Concello e, no seu caso, coa inmediata exposición ao público, para efectos de reclamacións.

3º.- Que no suposto de non presentarse reclamacións contra o mesmo, se considere definitivamente aprobado, debendo cumprirse, en ambos supostos, a publicación no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello.

Dona Beatriz Amenal do PSdG-PSOE di que se detraen fondos de certas partidas para aplicalas á promoción das xornadas turístico-gastronómicas, preguntando se se refire ao “terraceo de verán”, contestándolle a Presidencia que existe unha subvención da Deputación Provincial pero que como non é do 100% é necesaria unha achega municipal, que consultará o expediente para saber a que subvención concreta se refire,



manifestando a citada concelleira que entón a argumentación sobre deste tema faraa no vindeiro pleno, á espera da contestación da Presidencia.

Expón tamén que en relación ás infraestruturas que o grupo de goberno chama imprevistas, di que o seu grupo entende que estaban máis que previstas dada a proximidade da celebración das eleccións municipais, e que se saltan os procedementos e a redacción dos correspondentes proxectos e detraen 40.000 euros en estudos técnicos tanto de saneamento como de abastecemento, co que non están de acordo, sobre todo tendo en conta o que aconteceu na obra de saneamento que están a facer en San Fins, que por aforrar nun estudo técnico houbo un exceso de custo considerable da obra, ademais de estar paralizada máis do necesario co correspondente prexuízo para os veciños.

Sinala ademais que dedican nos orzamentos deste ano cero euros en subvencións cando contarían de recibir algo, sendo ademais un ano electoral, e dado que non están de acordo en que se detraian cartos en investimentos de saneamento para a promoción de xornadas turístico-gastronómicas, á espera da contestación da Presidencia, o seu voto vaise ser en contra.

Don Roberto Rocamonde do BNG di que o seu grupo entende que o goberno está a pedir apoio para tapar uns buratos nunhas partidas orzamentarias que, visto o informe e o exposto na comisión informativa, son produto da súa xestión do libre albedrío en obras preelectorais que comprometeron as partidas que agora mesmo se pretenden cumprir.

Así mesmo di que o arranxo das pingueiras do pavillón municipal é un asunto vello, coma o seu goberno ou máis, polo que resulta indignante que non houbera comprometido orzamento para esta finalidade e resolver o problema, polo tanto votarán en contra da modificación de créditos.

A Presidencia di que tal e como se falou na Comisión Informativa de Economía, estase a falar dun orzamento de 4.200.000 euros e cando se fai un orzamento, como o seu nome indica, estanse a prever uns determinados gastos e ingresos; e cando nunha partida sobra do que se presupostou pódense facer movementos para outras, como aconteceu con Sogama que se presupostou máis gasto do que existe, ou realmente investimentos que polos motivos que sexan non se van realizar neste exercicio, pero que iso non significa que non se vaian realizar.

Sinala que si é certo que no tema de deportes, o investimento no pavillón é de 80.000 euros, dos que a Consellería de Presidencia, a través da Secretaría Xeral para o Deporte, nos concedeu 50.000 euros, e nós temos que facer un esforzo e poñer 30.000 euros para arranxar definitivamente o problema do pavillón municipal, posto que se fixeron anteriormente arranxos paliativos, que se pensou podían solucionar o problema, pero non foi así, polo que lles parece acertada esta modificación de créditos para arranxar dunha vez o problema.

Sinala ademais que cando se fala de obras, cando existe unha pista de acceso a vivendas, en Castro -Ponte Ulla, que se veu abaixo e hai que arranxala para que os veciños poidan acceder á súa vivenda, que tivo un custo de 8.000 euros, non se trata dunha obra electoral; ou cando aproveitando que se están a facer obras, como pasou en San Xián de Sales, un veciño cede os terreos para melloralas a cambio da restitución do peche, hai que aproveitar a ocasión e facelo.



En calquera caso di que se está a falar dunha modificación de créditos de 80.000 euros nun orzamento de 4.200.000 euros, co que o orzamento non está tan mal feito nin é electoralista, debendo ser dos concellos que menos expedientes de modificación de créditos fan ao longo dun exercicio.

O Sr. Pose do BNG quere aclarar que cando se detraen 80.000 euros que se tiñan reservados para pagar unha débeda que o concello ten contraída coa empresa Viaqua, que reclama 200.000 euros, porque este ano non se celebre o xuízo e non se teña que pagar esa cantidade, para o ano tecnicamente estamos a comezar o orzamento con - 80.000 euros

Posta a votación a modificación de créditos nº 8/2015, o Pleno con sete votos a favor do PP e seis en contra do PSdG-PSOE e BNG, acorda aprobar a mesma.

4º.- Acordo, se procede, sobre o cambio de denominación do actual Museo Paz Camps.

Dáse conta do informe da Comisión Informativa de Asuntos Xerais do día dezaseis de setembro, que di o seguinte:

“Dáse conta de que neste momento xa non existe a colección de pintura no dito local e que ao non ter chegado a acordo co Sr. Paz Camps de cara a continuar co dito museo e, unha vez retirados os cadros pola familia propietaria, non ten sentido manter o nome do local.

A Presidencia propón denominar ao local como “Casa das Artes de Vedra” e enfocada a todo tipo de actividades artísticas.

O representante do BNG di que considera que primeiro sería a definición das actividades e logo o nome e que, en todo caso, se admitan outras alternativas.

A Presidencia constata que o enfoque xa está definido e que as actividades concretas se irán realizado en función das que xurdan e poidan ser solicitadas.

A representante do PSOE entende que non teña sentido o nome actual do museo pero que podería enfocarse a outras funcións como, por exemplo, un Museo do Viño.

Infórmase favorablemente coa abstención do PSOE e un voto en contra do BNG.”

A Presidencia expón que só se trata dun cambio de denominación do edificio, posto que non ten ningún sentido dadas as circunstancias seguir chamándose “Museo Paz Camps”. En canto a fixar unhas funcións do edificio di que son as que se están a levar a cabo na actualidade, á impartición de clases de toda expresión artística, presentación de libros, algunha actuación musical, e calquera outra que teña que ver coas artes que se leven a cabo no noso concello, e que se hai que fixalas por escrito que non hai ningún problema, coa garantía total de que só se vai destinar a este tipo de actividades.

Di tamén que se os demais grupos consideran oportuno deixalo pendente para o vindeiro pleno que non ten ningún problema, se ben quere indicar que o nome proposto polo seu grupo de “Casa das Artes de Vedra” foi suxerido polos mestres que están na actualidade impartindo as clases alí.

O Sr. Cobas do PSdG-PSOE di que para el o nome non ten en principio moita transcendencia, posto que evidentemente cada corporación, como está a acontecer no



resto do país, cambia os nomes de rúas, pavillóns,..etc, pero o que si é importante é o museo en si, posto que entende que o PP quere dar unha poutada ao pintor e todo ten un fundamento evidentemente.

Recorda que no ano 1993 don Modesto Paz Camps remitiulle unha carta ao Alcalde e Vedra, don José Mogo, para solicitarlle un local en Vedra para expoñer a súa obra, e no ano 1997 cando el entrou no goberno retomou a citada carta, e despois de moito leriar con el, que é difícil, conseguiu que a obra do pintor viñese para o concello, coa intención de que quedase en Vedra, posto que pintores como García Iglesias, Masía, Teresa Puy e outros o consideran como un dos pintores paisaxísticos máis importantes de Galicia.

Di tamén que na pasada lexislatura un día pasou polo museo e os cadros estaban amontoados como se fosen cartóns para o lixo, e descoñecendo as negociacións pero si sabe que a familia Paz Camps non está de acordo co trato recibido pola corporación, suxeríndolle ao Sr. Alcalde

que retire o punto da orde do día e volva negociar, ofrecéndose para botarlle unha man para intentar que a obra volva para o concello, de feito varios concellos da redonda están negociando para levala.

O Sr. Castro do BNG expón que ao seu entender a proposta do equipo de goberno está carente de contido, que o seu grupo interesouse polo uso do local e foi o que se expresou na comisión informativa, solicitando un plan de uso. Sinala que consideran baldío colocarlle unha etiqueta a un edificio para o que non se ten definido o uso e redactado un plan de como se vai a xestionar, descoñecendo se o equipo de goberno non o sabe ou non o quere manifestar, incluso non sabe se o podería destinar a tanatorio, co que se cumpriría unha promesa electoral do PP.

Di que o seu grupo ten solicitado documentación relativa á situación legal do inmovible que á data de hoxe non se lle facilitou , e que o nome para o seu grupo queda nun segundo plano, aínda que en calquera caso, tendo en consideración a procedencia dos terreos e como recoñecemento aos veciños de San Fins, que eran monte aberto, e tratando de conservar a toponimia orixinal propón como nome *A Chousa do Cotiño*, co que ademais se lle daría legalidade aos traballos realizados polos nenos do CPI de Vedra e CEIP de Ortigueira.

A Presidencia di que a denominación proposta do BNG non a ve clara, e incluso coa súa proposta de Casa das Artes de Vedra queda máis vinculada a un determinado uso, posto que o propio título xa a vinculada a determinadas actividades.

Sinala tamén que na propia Comisión Informativa xa dixo que ía estar xestionada polo concello e ser destinada a usos artísticos, non vai a ser un tanatorio, nin vai a ser utilizado para a celebración de festas, e a súa planificación vai ser anual, coa programación das actividades.

En relación ao exposto polo PSdG-PSOE di que cando accederon ao goberno, eles foron os que se atoparon os cadros amontoados, e fixeron unha serie de traballos, como fotografalos, contratar a alarma e un seguro, e despois de dous anos de negociacións co pintor, ofrecéndolle manter o local e pagar os gastos, pero como gobernante responsable a cambio de deixarlle ao concello un número de cadros en propiedade, dándoselle todas as facilidades, pero non aceptaron, polo que o equipo de goberno veuse obrigado a tomar a decisión de pechar o museo e que retirase a súa obra para outro lugar.



O Sr. Pose do BNG di que en canto a ter un museo destinado a un persoeiro a súa opinión coincide coa do PP, e polo que respecta ao seu nome, di que son partidarios de conservar o idioma, poñendo como exemplo o nome de Tabacalera en Madrid, solicitando que se considere a proposta do BNG

Por último a Presidencia sinala que se poden complementar os nomes *Casa da Artes de Vedra - Chousa do Cotoño*, someténdose a votación a citada proposta que se aproba con nove votos a favor do PP e BNG e catro en contra do PSdG-PSOE.

5º.- Acordo, se procede, sobre a designación dos festivos locais para o ano 2016.

Dáse conta do informe da Comisión de Asuntos Xerais do día dezaseis de setembro do ano que andamos, que di o seguinte:

“Dáse conta da comunicación núm. 1042 do 27 de xullo do Departamento Territorial da Consellería de Traballo e Benestar para que por parte deste concello se designen dous días con carácter de festivos locais.

Propónse o día do Patio e como no 2016 o día 10 de decembro coincide en sábado, modificar para o ano que vén o de Santa Eulalia por outro día como o da Ascensión.

O BNG propón outras datas como o martes de Entroido, o da restitución da corporación do 36 ou o día de San Xoán.”

A Presidencia expón que a súa proposta neste tema seguindo a tradición é designar como festivos locais o día do Patio e o día de Santa Baia, coa variante de que o ano en que Santa Baia sexa sábado ou domingo designar outro, e para o vindeiro ano o 10 de decembro, festividade de Santa Baia é sábado, polo que despois de falar con moitos veciños pareceulles como mellor alternativa o día da Ascensión, para beneficiar os moitos veciños de Vedra que traballan en Santiago ou noutros concellos limítrofes que tamén designan este día como festivo local.

Dona Beatriz Amenal do PSdG-PSOE di que ao seu grupo, tamén escoitando a moitos veciños, non lles parece mala idea designar como festivo local o día da Ascensión, se ben tamén están de acordo co BNG de buscar un día festivo propio de Vedra, como pode ser o martes de Entroido relacionado co Entroido da Ulla, pero hai que ter en conta a opinión dos veciños, aínda que de calquera xeito entenden que é unha decisión do equipo de goberno, polo que van absterse na votación.

O Sr. Pose do BNG incide na designación como festivos locais do concello o día de San Xoán e o Martes de Entroido. O primeiro porque se trata dunha festa pagá de amplo arraigo, sexa ou non celebrado autonomicamente; e o segundo posto que temos no concello un Entroido catalogado de interese e o concello está dentro dun grupo de concellos para potenciar o Entroido e é unha fonte interesante para dar a coñecer o concello, ademais de tratarse dunha festa na que participa todo o concello de forma masiva sen necesidade de que se celebre na súa parroquia.

Para rematar di que é unha decisión do equipo de goberno pero deberían pararse a pensalo.

Intervén de novo a Presidencia e di que a parte de que se decide ano a ano o equipo de goberno ten unha postura fixa, e se ben é certo que neste caso dubidaron entre o día de



San Xoán e o día da Ascensión, polo que respecta ao martes de Entroido pónase festivo ou non, non vai afectar máis ou menos ao goce do festivo local, posto que a xente ese día non traballa pola tarde, mesmo a xente do campo, por iso se decantaron polo día da Ascensión pensando nos moitos veciños de Vedra que traballan en Santiago ou nos concellos limítrofes que tamén designan este día como festivo local.

O pleno, con sete votos a favor do PP, catro abstencións do PSdG-PSOE e dous votos en contra do BNG acorda designar como festivos locais para o ano 2016 o día da Ascensión (5 de maio) e o día do Patio (19 de setembro).

6º.- Dar conta do Período Medio de Pago do 2º trimestre de 2015.

Dáse conta que o período medio de pago a provedores do segundo trimestre do 2015 é de -1,61 días.

O Pleno dáse por informado.

7º.- Declaración institucional do Concello de Vedra sobre a situación e acollida das persoas refuxiadas na Unión Europea.

Declárase a urxencia deste punto por unanimidade dos asistentes.

A Presidencia expón que na Comisión Informativa o BNG presentou unha moción en relación co tema dos refuxiados, informándolle que o concello xa lle transmitira á Fegamp a súa dispoñibilidade para acoller familias, e considerouse que o máis axeitado era facer unha declaración institucional.

De seguido dáse conta do texto da declaración institucional do Concello de Vedra:

“Coa recente chegada a Europa de cidadáns sirios que foxen do seu país, dunha guerra que non é a súa, a situación alcanzou un punto crítico, converténdose na maior crise de refuxiados dende a II Guerra Mundial. O exemplo sirio é estremecedor, con máis de 7.000.000 de persoas desprazadas internamente, e máis de 4.000.000 de refuxiados dende o 2011.

Nos últimos meses centos de miles de persoas tratan de chegar, de maneira extremadamente precaria, a territorio Europeo dende países nos que a guerra fai imposible a convivencia, tales como Libia, Eritrea, Siria, etc. Estas persoas non son criminais de guerra nin culpables do que sucede nos seus países e, ao igual que o resto de todos nós, como seres humanos, temos dereito, polo simple feito de selo, a ser axudados cando nos encontramos neste tipo de situacións.

Tanto a opinión pública como a conciencia e moral humanas esixen accións ambiciosas e urxentes por parte dos gobernos e as persoas ante unha situación tan terrible e crítica. Por enriba de consideracións reguladoras, nacionais, relixiosas ou étnicas, é obriga dos poderes públicos promover o respecto aos dereitos humanos e facilitar o refuxio a toda persoa vítima de violencia, guerra ou persecución.

Non podemos seguir inmóbiles e indignándonos polas imaxes que vemos na televisión e tanto nos entristecen. Temos que actuar, por convicción moral e por respecto á lei.

Por iso, con esta declaración, os distintos grupos políticos representados no Concello de Vedra manifestan a súa vontade clara e firme de colaborar nas posibles solucións e alternativas á recepción e aloxamento das familias afectadas (sempre dentro das nosas



posibilidades), facendo o posible para que a xustiza e a solidariedade sexan algo máis que palabras que quedan ben nos medios de comunicación.

Porque o pobo de Vedra como un pobo acolledor, bo e xeneroso, non pode, nin debe, nin quere manterse á marxe ante unha das maiores crises humanitarias dos nosos tempos, comprometéndonos a realizar o esforzo necesario para facilitar o reacollo de familias de refuxiados no noso concello, poñendo capacidades, infraestruturas e recursos, tanto humanos, económicos como materiais (habilitando créditos orzamentarios se fose necesario) para dar asilo aos mesmos.

Igualmente comprometémonos a traballar de forma coordinada co resto de administracións, ONGs e a sociedade civil (facilitando a colaboración de cidadáns vedreses de forma particular) para dar resposta a esta crise de modo urxente, poñéndonos a disposición da FEGAMP, FEMP, Xunta de Galicia e do Goberno Central, para coordinar a acollida de refuxiados que cheguen a Galicia, e se poida ordenar de maneira eficaz a axuda e os recursos dos que se dispoñen para asegurarlles unha correcta cobertura de servizos, e lograr a súa integración na nosa sociedade.

Por último, non debemos obviar as tremendas dificultades existentes non so económicas senón tamén administrativas, idiomáticas, etc para garantirlles aos refuxiados sanidade, vivenda, educación e atención social; por iso, e con independencia do esforzo económico e de toda índole que fará o Concello e o pobo de Vedra, solicitamos que, na medida do posible, a Deputación da Coruña, Xunta de Galicia e Goberno Central destinen e habiliten fondos e recursos de todo tipo a aqueles concellos, que coma o noso, acollan refuxiados, para que a súa estancia no territorio redunde no seu beneficio e facilite a súa rápida integración social e económica.”

Intervén de novo a Presidencia para sinalar que o texto reflicte o que pensan todos os grupos políticos municipais, e por suposto o pobo de Vedra, que non é política, e que entre todos van facer ese esforzo, demostrando unha vez máis que as forzas políticas do noso concello son distintas a moitos outros concellos, aínda que neste caso hai que recoñecer que están a traballar de xeito unido.

Di tamén que agora espéranos o complicado, o difícil, e hai que estar preparados e dispostos para cumprir con eles e garantirlles sanidade, servizos sociais, vivenda, ..etc dándolle as grazas porque é un orgullo presidir unha corporación que nestes temas sexa un exemplo.

Dona Beatriz Amenal do PSdG-PSOE di que efectivamente é un tema que non se pode deixar de lado, e preguntándolle a calquera veciño que farías ti na súa situación? pode axudar a integralos na nosa sociedade, posto que se trata de persoas que non ven máis que destrución ao seu arredor, pais con fillos sen futuro, que buscan saír desa situación, e a nosa obriga, como non pode ser doutra maneira, porque así o establece ademais o dereito internacional, e na medida das nosas posibilidades e sen desatender ás persoas que xa están aquí, é axudalos.

O Sr. Pose do BNG di que antes que levar a cabo calquera acción dunha maneira ben intencionada, porque esas persoas non poden estar estigmatizadas entre nós, hai que falar con asociacións con experiencias nestes temas, como pode ser Pro-Sahara ou ProPalestina, e matizando as palabras da Presidencia di que con estas decisións non é que estean deixando de lado a política, senón que están a facer política da boa.



A Presidencia di estar de acordo co manifestado polo Sr. Pose, sinalando que a nivel persoal xa falou con amigos que forman parte destas asociacións porque efectivamente neste tema temos moito que aprender e eles mellor que ninguén nos poden ensinar.

O Pleno por unanimidade dos asistentes acorda aprobar o citado texto da declaración institucional.

8º.- Contestación ás preguntas formuladas en plenos anteriores.

--A Presidencia expón que no pleno de organización municipal fixéronse unha serie de matizacións, que case parecían preguntas, e xa daquela dixo , sen querer entrar en debates, que ía facer algunhas aclaracións con respecto á súa dedicación exclusiva. Sinala que xa no ano 2013 contestou que era algo obvio e facilmente comprobable por todos que ía dedicarse á Alcaldía en corpo e alma, con máis ou menos acertos, pero que ninguén lle poderá negar a súa dedicación permanente, constante, diaria e durante moito tempo a este nobre labor, ao igual que fixeron outros alcaldes que lle precederon, estando á disposición de todos os veciños os sete días da semana, as vinte e catro horas do día, adaptándose ás circunstancias de todos os veciños, dos actos, das asociacións, tendo xuntanzas a calquera hora do día, calquera día da semana, en calquera lugar do concello.

Di que todos saben cal é a súa dedicación , moitas máis horas que calquera xornada en calquera traballo, e saben tamén cal é o soldo establecido que non é acorde nin coas responsabilidades nin coas funcións, solicitándolles que non fagan demagogia, que hai outros alcaldes con dedicación exclusiva de distintas forzas políticas, que lle dedican moitas horas á alcaldía pero tamén a outros labores políticos que nada teñen que ver co concello, e el non o critica posto que para nada lle afectan á súa dedicación como alcalde.

Con respecto ao feito de que o seu nome figure nunha placa dun bufete de avogados, xunto con outros catro -antes figuraba de primeiro e agora de último- ten unha explicación moi sinxela; posto que está nunha situación absolutamente semellante á de excedencia mentres sexa alcalde. É a súa garantía de que cando deixe a política poderá volver a ocupar o sitio nese bufete, e máis transparencia imposible, e supón que aos veciños de Vedra lles agrada saber que non precisa da política para colocarse nalgún sitio, tiña traballo antes de entrar en política e volverá ao mesmo cando a abandone. Polo tanto que figure o seu nome nesa placa non significa que estea a exercer a avogacía de forma efectiva nestes momentos.

Por último dille ao Sr. Pose que en temas éticos e morais está seguro que pódelle empatar pero non gañar.

2º.- Á pregunta do PSdG-PSOE sobre obras comprometidas pola Deputación, a Presidencia cédelle á palabra ao Tenente de Alcalde, don Manuel Costa Carneiro, que procede á dar a relación e de obras comprometidas pola Deputación provincial e do seu estado na actualidade:

No Plan de Vías Provinciais de 2014 está incluída a obra de Ampliación e mellora da estrada Provincial CP8203 de Vedra a Santa Lucía, do PK 8.13 ao 10.37, cun orzamento de 1.299.036,66 euros, adxudicada á Ferrovial Agromar, S.A, que está en estado de execución. No POS 2015 cun orzamento para Vedra de 195.596,85 euros, que tamén está en estado de execución, as obras incluídas xa se deron conta no pleno, e fóronlle adxudicadas a Excavaciones Midón, S.L e Obras y Viales de Galicia, S.L.



No PAI 2015, cun orzamento de 195.787,92 euros, tamén en estado de execución, adxudicadas a Martínez Montes e Hijos S.L unha e a outra a levar a cabo por administración, é dicir, polo propio concello.

No Plan de Conservación de Vías Provinciais 2015, na 1ª fase, estamos no grupo 26 cos concellos de Ames, Santiago, Teo e Vedra, cun orzamento de 450.495,27 euros. Ao noso concello correspóndenlle 121.717,91 euros, en estado de execución pola empresa adxudicataria Construcciones Leonardo Miguélez S.L.

No Plan de Travesías 2014 está incluída unha obra denominada “Mellora da seguridade vial na estrada provincial 8203 de Quintáns a Paradela, do PK 683 ao PK 815, cun orzamento total de 127.661,01 euros, en estado de execución neste momento e adxudicada á empresa Obras y Construcciones Andújar S.L.

Outra obra, financiada pola Deputación Provincial a través de Convenio (Nº 106/2015), é a denominada “Ampliación da rede de abastecemento á Susana, Nande, Cornado, Matelo e A Torre” cun orzamento de 166.739,95 euros, e adxudicada á empresa Martínez Montes e Hijos, S.L, que está pendente de executar.

O Sr. Cobas di que a pregunta se refería a se o comprometido pola Deputación se mantén posto que ao parecer a nova Corporación vai facer cambios, contestándolle a Presidencia de que todo o que estaba comprometido está totalmente adxudicado.

3º.- Con respecto á pregunta tamén do Grupo Socialista sobre do importe total da obra de saneamento en San Xián, di que xa se estudou este tema nun pleno extraordinario, e que só faltaba concretar as cifras, sinalando que o importe total da obra co proxecto complementario ascende á cantidade de 94.718,41 euros.

4º.- En canto á pregunta sobre o problema de emerxencias do concello, a Presidencia expón que os alcaldes de Boqueixón e Vedra mantiveron xa reunións co Director Xeral D. Luís Menor e co Vicepresidente don Alfonso Rueda, na que lle transmitiron que os dous concellos están nunha zona de sombra, que son Ordes e A Estrada os quen teñen que vir aos incendios urbanos e que nin coñecen a zona nin dan chegado a tempo (este ano en Vedra xa tivemos polo menos dous incendios urbanos que acreditan o anterior, e que grazas á rápida intervención dos veciños e de PC de Vedra e Boqueixón non pasou nada).

Di que están a traballar nunha posible solución, poñéndose enriba da mesa varias opcións de traballo conxunto Vedra -Boqueixón para este tema, o que pode avanzar é que hai vontade por parte da Xunta e de ambos os dous concellos en que a través da colaboración conxunta intentar arranxar este tema o máis pronto posible, esperando que nas vindeiras semanas ter avances dos que se informará.

Así mesmo, infórmalle ao BNG que o luns teñen unha entrevista don Martiño Noriega, onde volverán a sacar o tema do parque de bombeiros.

5º.- Sobre da limpeza da parcelas, di que manter limpas de maleza as parcelas a menos de 50 metros das vivendas é algo que lle preocupa e ocupa, pero notificarlle aos veciños afectados, teñen que concordar con el, que é complexo e custoso, pero indubidablemente hai que buscar a fórmula para que os veciños, todos, sexan conscientes da importancia da citada norma, estando de acordo que chegados os casos, sobre todo nos máis perigosos, o concello debe actuar con contundencia, esperando quen non faga falta e que con boas campañas informativas dende xa se consiga.



6º.- Á pregunta sobre da antena de telefonía móbil pendente de colocar, di que se atopou unha solución e agora si esperan que en pouco tempo os veciños de San Xián, San Fins e Illobre vexan resolto o seu problema de cobertura, agradecéndolle publicamente as xestións realizadas pola concelleira do PSdG-PSOE dona Beatriz Amenal para axudar a conseguir a solución que finalmente se acadou.

--Aos rogos e preguntas de don Roberto Castro do BNG , a Presidencia contéstalle:

1º.- Sobre do plan de execución da reversión de 69.000 euros no incremento do investimento en servizos sociais e educación, acordado no pleno do 18/03/2015, di que están intentando atender os pedimentos feitos polos propios colexios.

Así en relación á unitaria de San Miguel, arranxáronse os baños e vanse colocar fiestras, solicitado polo CRA Boqueixón-Vedra, quedando pendente o tema dunha porta e algunha outra cousiña pequena máis.

Na unitaria de San Fins, arranxáronse e pintáronse os baños ademais dunha reparación eléctrica.

En canto á unitaria de San Xián, leváronse a cabo obras importantes, baleirouse e tiráronse os tabiques da primeira planta (vanse facer agora as fiestras), houbo un cambio completo dos baños (plaqueta, falso teito, pintar, electricidade, ..etc), habilitouse un pequeno almacén, quedou o oco xa para o futuro ascensor (para cumprir co plan de accesibilidade), arranxouse a porta de entrada, etc, obras todas solicitadas polo CRA.

No CPI de Vedra, pintáronse catro aulas máis a cociña, pintáronse pistas deportivas, e rematouse a beirarrúa do exterior, e no CEIP de Ortigueira fíxose un pequeno arranxo nos baños.

Todas estas obras non estaban presupostadas no orzamento do 2015.

En canto á gardería, para a que si existía partida orzamentaria, pintouse totalmente o interior, arranxáronse varios temas eléctricos, de carpintería e seguridade, fíxose o patio cuberto exterior (co chan, cerre, teito, etc), arranxo do tellado e perímetro da mesma, e aínda falta o pintado exterior e algunha outra obra máis, sendo probable que o feito supere o que xa estaba presupostado neste caso tamén. Cando se valoren todas as obras levadas a cabo superarán probablemente os 69.000 euros.

2º.- Sobre da situación económica do Concello, di que considera que está chea de demagogia expoñendo o seguinte:

Polo que respecta aos datos da débeda, di que en “préstamos bancarios “ou endebedamento a longo prazo os datos son os seguintes: ano 2010 (785.250 euros); ano 2011 (777.144 euros); ano 2014 (556.944 euros) e ano 2015 (354.219 euros), o que pasa é que o dato que utilizan para o ano 2014, “débedas bancarias” inclúe tamén o que son as pólizas de crédito, que como saben son instrumentos financeiros que se utilizan máis que nunca polos concellos por cuestións de liquidez, ao ter que adiantar os cartos das obras subvencionadas, cumprir os períodos medios de pago, etc, e que tecnicamente son débedas a curto prazo, e que ademais a finais do ano soen estar utilizadas a tope precisamente porque hai que realizar numerosos pagos antes de rematar o ano, e os ingresos que lle fan aos concellos (e co cal se alivian ditas pólizas) non soen vir ata principios de ano.

Expón que certamente a finais de 2014 tiñamos en pólizas utilizado 280.422 euros, que sumados aos 556.944 euros de préstamos bancarios, suman tecnicamente unha debeda bancaria de 837.366 euros, pero fixesen que a finais de 2015, aínda que tiñamos as



pólizas usadas na súa totalidade (299.000 euros), só temos en préstamos bancarios 354.219, co que a débeda bancaria a finais do 2015 no peor dos casos será de 653.219 euros. Isto é máis de 100.000 euros menos que cando colleron o concello. E o déficit claro que é débeda, a curto tamén, ou chamados vulgarmente tamén “acredores” Por iso, tecnicamente os tesoureiros dos concellos lle dan moita importancia ao remanente líquido de tesourería (onde van esas débedas a curto, ou perdas por créditos de difícil cobro, etc, etc), dando conta do dos anos 2010 (-531.967 euros); ano 2011 (-389.764 euros) e ano 2014 (-100.619 euros), polo que o endebedamento máis acredores suman no ano 2010 (1.317.217 euros), no ano 2011 (1.166.908 euros) e no 2014 (937.985 euros); isto é baixouse o que se debía neste concepto 379.232 euros, e se ten en conta tamén (aínda que tecnicamente non é débeda) o que lle hai que devolver ás Administracións Públicas (liquidacións negativas dos tributos do Estado, etc), as cifras serían ano 2010 (312.406), ano 2011 (282.150 euros) e no 2014 (197.503 euros). Isto é, baixáronse 114.903 euros o que se debe ao Estado, que sumados aos 379.232 euros anteriores dan unha cifra de 494.135 euros; concluindo que estamos a rebaixar o que debe o concello de Vedra en máis de 100.000 euros anuais, que en porcentaxes son as seguintes: débeda a longo prazo: ano 2010: 28,22%; ano 2011: 25,35% e ano 2014: 16,82%.

Porcentaxe de débeda a curto prazo: ano 2010 (19,12%); ano 2011 (12,71%) e ano 2014 (11,51%), que sumadas as dúas representan a seguinte baixada: ano 2010: 47,34%; ano 2011: 38,06% e ano 2014: 28,33 %.

Polo que respecta ás AA.PP; ano 2010: 11,23%, ano 2011: 9,20% e ano 2014: 5,96%. A porcentaxe total, sumado co das Administracións Públicas:ano 2010: 58,57%, ano 2011: 47,26% e ano 2014: 34,26%.

Así mesmo sinala que non se debe esquecer o período medio de pago, que cando collemos o concello era unha media de catro meses e agora estamos en 30 días, polo tanto -di- mírese por onde se mire, baixaron a débeda, non a incrementaron, e aconséllalle que lle pregunte aos técnicos, se estamos mellor agora que cando colleron o concello.

Polo que respecta a outros concellos, di que á verdade é que non coñece as súas cifras, porque coñece o noso, pero de seren certas as que sinala, só lle pode dicir que se alegra por eles, e que curiosamente coinciden con concellos gobernados polo PP dende hai moitos anos, co cal se seguen gobernando seguiran mostrando resultados positivos e chegarán a estar en débeda cero.

En canto á débeda por habitante, presión fiscal, etc, di que el di que aumentou, e en función das cifras que deu antes, preguntalle se cre que iso é verdade; pero se é só débeda bancaria nada máis, é evidente de que no 2015 é inferior a cando els colleron o concello, polo que -di- gobernan con responsabilidade.

Sobre da presión fiscal, di que é certo que revisaron algunhas taxas e servizos, posto que non era de recibo pagar 35 euros ao ano pola ludoteca, de feito pagar 35 euros ao mes segue a ser moi, moi baixo, pero en calquera caso, dille que pregunten un pouco por aí e verán que a presión fiscal de Vedra e das máis baixas da contorna (dende o IBI, ao IVTM, lixo, sumidoiros, etc, etc).



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



En relación co gasto público por habitante en Vedra, e o investimento en servizos sociais, cultura e benestar social, que o BNG di que diminuíu, di que depende do que consideremos como gasto público.

Se o gasto social é gastar 15.000 euros na festa dos maiores pois si, é certo, diminuíu, pero se o gasto social é atender a axuda no fogar, esta incrementouse.

En gasto corrente en servizos sociais pasamos de 364.779 euros en 2010 a 473.215 no ano 2014; no servizo de axuda no fogar no ano 2010 atendíamos a 43 persoas, un total de 9.939,57 horas e un custo total de 139.154,59 euros. Pois ben, no ano 2014 pasamos a atender a 50 persoas, un total de 15.475,08 horas e un custe total de 216.179,28 euros.

Por outro lado no peor da crise económica foron capaces de manter, e nalgúns casos dar por primeira vez e incluso aumentar as axudas a asociacións, clubs, cultura, deportes, sociais, emerxencia, coles, etc, etc, indicando que o Faro de Vigo do 19 de xullo de 2015 sinala o concello de Vedra como o cuarto da provincia da Coruña con máis gasto social por habitante (191,36 euros).

En canto a medidas , di que como xa dixo, non todos os datos son bos, temos o remanente líquido de tesourería, que mentres o teñamos en negativo non estaremos satisfeitos co noso traballo a nivel económico, pero a planificación xa está feita dende a primeira lexislatura; fundamentalmente non solicitar préstamos, control do gasto, etc, e segundo a nosa previsión é que os préstamos bancarios queden totalmente liquidados no ano 2020, e mesmo as amortizacións que ata este ano eran moi grandes (uns 200.000 euros por ano limitando a capacidade de manobra do concello) a partir do ano que vén, serán de menos de 100.000 euros.

E en relación ao IBE, di que ao noso concello tocoulle como a máis de 4000 concellos en toda España e seguiran así ata o 2018 nos 8.000 concellos de toda España o que se chama a regularización catastral, que é algo que vén de oficio dende Madrid. Non obstante o que depende de nós, o único, que é a porcentaxe que se aplica é dos máis baixos da comarca (0,44%), cando en Santiago está por enriba do 0,50%, e en Teo quérenos incrementar agora ao 0,53%.

Para rematar estamos mellor que fai catro anos.

--Ás preguntas do Sr. Pose do BNG, a Presidencia contéstalle:

1º.- Sobre da conexión a internet, di que as tres centrais teñen fibra óptica ata a central, tanto a de Vedra -Sol, Vedra -Paradela e Vedra -Vedra (que está subterránea dende Pousada ata a propia central).

A de Vedra-Sol xa está no que lle chaman Cobertura A, isto é, xa está preparada para ampliar a cobertura con fibra óptica de forma inmediata a través do que lle chaman cabinas ópticas onde acercan as velocidades aos clientes potenciais, e as outras dúas cunhas densidades de poboación máis baixas están para unha fase posterior (cobertura B) aínda que agora mesmo teñen verificado velocidades ata 12 megas en zonas de Vedra e Illobre, preto certamente, mais canto máis lonxe da central menos velocidade.

2º.- En canto á Casa da Irmandade, di que teñen en principio un acordo para adquirila o concello, e cando estea formalizado darán conta del.



3º.- Polo que respecta á obriga de colgar na páxina web os arquivos de son dos plenos, di que xa se colgou o do día 8 de xullo e que se irán colgando os demais.

--En relación co escrito presentado días pasados no rexistro municipal sobre da limpeza do parque público situado en Feal, a Presidencia cédelle a palabra ao concelleiro don Enrique Vázquez Martínez, quen expón que efectivamente veciños do lugar de Feal lle solicitaron que o concello procedese á limpeza do parque, e que el xa lle dixo que se ía facer pero sempre dentro das posibilidades do concello e atendendo ás prioridades.

Di que se trata dun entorno no que existe un parque, un lavadoiro e unha poza de rego, que agora está inutilizado, posto que non lle cabe dúbida que no seu momento se fixo coa mellor intención, cando existían nenos nos lugar, e os veciños utilizaban tanto o lavadoiro coma a poza, pero agora dende hai anos xa non hai nenos e non se utilizan nin as construcións: polo tanto o seu mantemento que antes facían os propios veciños, teno que asumir o concello, atopándose con moitas dificultades para manter en perfecto estado estas áreas, parques, e sobre todo cando non se utilizan, por iso é de aplaudir esa iniciativa dalgúns veciños por conservar o patrimonio que é de todos.

Sinala tamén que nos últimos anos neste tema se mellorou moito e temos que seguir mellorando, e que este equipo de goberno conta cunha especial sensibilidade no que afecta á conservación ambiental, na que se fai un grandísimo esforzo tanto na limpeza de gábeas coma de rutas de sendeirismo, camiños públicos, campos da festas, áreas recreativas, ...etc, levando a cabo varias campañas de voluntariado ambiental, en concreto o programa “luvas verdes” invitando aos presentes á súa participación, co que se conseguiu que cada ano se recicle máis, colocando máis colectores de todo tipo, poñendo en marcha o servizo de recollida de voluminosos porta a porta, un servizo importantísimo, gratuito e que poucos concellos teñen. Dende o 17/06/2013 teñen en vigor a ordenanza de residuos; no ano 2015 colocáronse paneis informativos en todas as parroquias e colocaranse máis para evitar que determinada publicidade, como os carteis das festas, se coloquen en lugares impropios, debendo todos os partidos políticos facer unha autocrítica posto que se colocan antes das eleccións os carteis pero unha vez que se celebran esquécense de quitalos.

Para rematar di que a limpeza do parque xa se fixo, que non foi a primeira vez, e agora estase a acordar cos veciños a utilidade que se lle vai dar.

9º.- Rogos e preguntas.

--Dona Beatriz Amenal do PSdG-PSOE formula os seguintes rogos e preguntas:

1º.- Solicita que se lle bote “zahorra” a un camiño que vai ao lugar de Torrente en Paradela-San Xián para delimitalo.

2º.- Que se retire unha póla que rompeu no campo da festa de San Pedro de Sarandón, contestándolle a concelleira de obras que falará coa Asociación de Veciños.

3º.- Que agora que está previsto o arranxo da estrada Vedra -Santa Lucía, que se estableza un lugar para que o autobús escolar xire.



4º.- Pregunta que se ten previsto facer na planta primeira do edificio da escola de San Xián, contestándolle a Presidencia que en principio se van colocar unhas colchonetas a pedimento dos mestres para que os nenos fagan deporte cando chova.

5º.- Na Xunta de Goberno do 29/10/2014 transmitiuse en propiedade, por adxudicación directa, ao concello os terreos do campo de fútbol de Vedra. A que teñen pensado dedicalos?. Suxírelle que dado que o Club Olímpico de Vedra non dispón dun espazo acondicionado para levar a cabo os adestramentos, e tendo en conta os seus éxitos acadados incluso a nivel nacional, que o concello valore a posibilidade de cederllos, en función da súa promoción do deporte, os valores e sen esquecer que leva o nome do concello de Vedra polo mundo adiante.

6º.- No BOP do 27/07/2015 publícase un anuncio de licitación do contrato de concesión administrativa para a xestión dos servizos de saneamento e depuración do concello de Vedra, por procedemento aberto, con multiplicidade de criterios de valoración, e no BOP do 13/08/2015 anunciase a suspensión da licitación. A que é debido?

A Presidencia contéstalle que un dos licitadores presentou un escrito informando que determinados artigos das bases non eran correctos por cuestións técnicas, e que se valorou que era mellor corrixir as bases e licitar de novo o proceso.

--Don José Antonio Pose do BNG pregunta:

1º.- Sobre as Asociacións de Veciños e o Culturalgal.

Solicitamos ao concello que convoque ás asociacións de Veciños, comisións de festas, e ao resto do armazón asociativo do concello, a visitar os días 4,5 ou 6 de decembro o Culturalgal, que se realizará no Pazo de Cultura de Pontevedra. A finalidade desta visita, é a de permitir a dinamización da oferta destas asociacións e comisións de festas.

2º.- Sobre a subcontrata do Servizo de axuda a domicilio:

Ten o concello coñecemento de que o persoal do servizo subcontratado cobra só 3 euros dos 12 que paga o concello? Ten coñecemento das condicións laborais indignas ás que somete a empresa que enriquecemos cos nosos impostos, ao persoal desa subcontrata “CLECE”?

Teñan vostedes en conta que o que paga o concello a CLECE está por debaixo da media española (15.7€/h), e que o que reciben as traballadoras é menos do que cobra de media unha traballadora do téxtil na India (3.33€/h).

3º.- Sobre a estrada da deputación que para no Derbi en Sarandón .

Boa parte da zona pendente de ampliar, é unha zona moi poboada,(dentro do N2 de Sarandón, creo), e con moito tránsito peonil por ser preto de comercios, e por ter varias paradas de autobús, escolar e metropolitano, nesa zona; é ao tempo unha zona de moitísimo tránsito de coches e camións, por ser unha das principais rutas a Compostela:

- Estímase nesa ampliación, que suporá que coches e camións poidan circular máis comodamente e a máis velocidade, algunha senda peonil ou beirarrúa para a seguridade da poboación peonil?



- Estímase, canto menos, algún medio disuasorio da velocidade como elevacións do firme, que impidan as altas velocidades ás que, xa agora, entran os vehículos en zona densamente poboada?

4º.- Solicitud- Esixencia sobre pasos peonís sobreelevados.

Esixímoslles que de maneira inmediata obriguen á Deputación a colocar (*polo menos*) tres pasos peonís sobreelevados que regulen o tránsito de vehículos na rúa que atravesa Vedra, dende o acceso á igrexa ata a casa do concello.

- Un paso peonil sobreelevado inmediatamente antes do cruce que comunica esa vía coa igrexa (é tránsito obrigado para maiores de camiño á igrexa, e ademais, permite advertir ao condutor que ingresa no núcleo urbano de Vedra.
- Outro entre a farmacia e a casa do sindicato (antigo xulgado). É unha zona intensamente transitada por maiores de camiño á farmacia, pais e nenos que se desprazan ás actividades impartidas no edificio.
- E finalmente, outro diante do cruce dos invernadoiros de Maceira. Da mesma maneira, advertiríalle ao condutor da aproximación a núcleo urbano, e ademais protexería o acceso de pais e nenos á parada escolar, e o intenso tránsito de persoas diante do concello.

O anteriormente indicado é o mínimo, non sobraría outro paso peonil sobreelevado, antes do acceso principal do colexio de Vedra.

Posto que é unha vía propiedade da Deputación, solicitamos que negocien, e que de ser necesario propoñan a construción destes pasos a cargo do concello. Neste caso o BNG estará a apoiar a súa acción.

5º.- Pregunta: Sobre o proxecto de construír un paso elevado S.Cruz:

De maneira xeral, os diferentes gobernos municipais prometeron, ou apostaron pola construción dun paso elevado para poder cruzar de modo seguro a estrada nacional que separa o núcleo urbano de Santa Cruz.

Posto que o alcalde é de Santa Cruz, a pregunta faise obrigada, despois de 20 anos:

Pensa incidir sobre o tema? Existe algunha actuación despois de catro anos de goberno municipal, oito de goberno autonómico e catro do estado en mans do PP, para acadar a citada pasarela?.

6º.- Pregunta sobre a recente reunión de representantes e alcaldes de Teo, Ames e Compostela.

Recentemente publicouse unha noticia na “Voz de Galicia”, na que os alcaldes de Ames, Teo e Compostela, iniciaban un pacto para compartir o servizo de bombeiros, e a xestión do transporte público entre os tres concellos.

Na mesma noticia, indicábase que proximamente xestionarán unha reunión entre a terna antes mencionadas e os rexedores de Oroso e Brión.

Tendo en conta que un dos motivos da caída de poboación do concello é pola falta de transporte público regular con Compostela, e que grazas ao espectacular da xestión de trinta anos de PP en Boqueixón o GRUMIR desapareceu,.... Como é posible que Vedra non participe nestas reunións?

7º.- Solicitud- Esixencia: Sobre o cumprimento do regulamento das casas de cultura.



Non debería ser unha solicitude, posto que o cumprimento dun regulamento municipal, é obrigado para o concello, aínda así:

Solicitamos o cumprimento do regulamento das casas culturais, en particular no tocante ás obrigas que este regulamento impón ao concello en materia de mantemento e limpeza dos espazos públicos destes edificios. Obviamos dicir, que as asociacións que usamos estes edificios encargámonos do coidado e mantemento dos espazos que nos foron asignados de maneira efectiva, o que non pode volver a acontecer é o acontecido coa asociación Cultural San Campio, que contratou a unha empresa para realizar unha desinfección, cando este custo debería ser asumido polo concello, como así o indica o citado regulamento municipal.

8º.- Sobre adecuación dos locais electorais á lexislación de accesibilidade.

Esiximos que os locais que sexan habilitados como locais electorais cumpran efectivamente a lexislación Galega de accesibilidade, en particular a Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade de Galicia.

9º.- Pregunta sobre o arquivo histórico de Vedra.

Solicitamos coñecer cando arrancan as obras para adecuar o edificio anexo ao cemiterio de Vedra, que en comisión e en acordo plenario, na pasada lexislatura decidiuse dedicar a arquivo histórico do concello.

Solicitamos unha previsión de actuacións para o citado inmovible, e solicitamos igualmente que se poñan a traballar nun regulamento específico para a xestión dos fondos documentais existentes, e os susceptibles de engrosar o citado arquivo. (Tamén falado en comisión)

--Don Roberto Rocamonde do BNG formula os seguintes rogos e preguntas:

1º.- Roga que o Concello de Vedra organice unha excursión ao *Culturgal*, dirixida ás asociacións, incluíndo as comisións de festas.

A cultura galega está repleta de manifestacións de máximo interese e calidade, froito dunha creatividade abundosa e diversa. Cada ano percorren o país moitas propostas musicais, escénicas e artísticas de todo tipo e para todos os públicos, creadas por compañías e grupos galegos. Son propostas tamén diversas no seu tamaño e caché, polo que en conxunto resultan moi atractivas e interesantes para as asociacións do noso concello, que ao longo do ano contan con máis ou menos ocasións para programar eventos culturais.

Con frecuencia, as programacións das nosas asociacións, sexan festas ou outros eventos, non teñen en conta o grande abano de posibilidades que ofrecen os creadores e creadoras do país, e céntranse na contratación de orquestras e espectáculos a través dun reducido número de representantes. Isto pode deberse a unha cuestión de gustos, pero probablemente tamén de rutinas, comodidade e falta de coñecemento das opcións que existen. Sería moi positivo que as asociacións coñecesen mellor outras propostas, e iso implica un esforzo, porque os medios de comunicación non sempre lle dedican aos creadores e creadoras galegas o espazo que merecen.

Por esta razón, desde o BNG-Asembleas Abertas consideramos de grande interese que o concello facilite ás asociacións a posibilidade de coñecer mellor a oferta cultural galega.



Unha das mellores opcións para facelo é asistir ao Cultural, a Feira das Industrias Culturais de Galicia, que cada ano reúne a centos de creadores e milleiros de visitantes en Pontevedra. Este ano será os días 4, 5 e 6 de decembro. Alí as produtoras musicais, as compañías de teatro, as editoriais e os artistas mostran os proxectos nos que están traballando. A programación inclúe presentacións de libros, mostras de espectáculos infantís e para público adulto, pequenos concertos de presentación e expositores onde coñecer o que se está a facer en Galiza no ámbito cultural.

2º.- Roga que o Concello faga uso de linguaxe non sexista.

O BNG-Asembleas Abertas pide ao goberno que na Administración Local e noutros ámbitos, asociacións e organismos onde ten presenza fomenta o uso de linguaxe non sexista. A estes efectos, que tamén dea a coñecer e poña a disposición as ferramentas (por exemplo o Caderno de Orientación sobre Linguaxe Administrativa Neutra da Deputación da Coruña; dispoñible na web e facebook do BNG-Asembleas Abertas de Vedra).

3º.- Acaban de sacar a licitación a xestión de varios servizos: Gardería (escola infantil municipal) e saneamento.

Nunha entrevista de televisión nos días previos á campaña electoral dos 3 candidatos, vostede (agora alcalde) creo lembrar que dixo que esternalizaría (remunicipalizar) os servizos privatizados polo anterior goberno do PSdG-PSOE e o candidato do PSdG-PSOE dixo que se equivocara facendo tales privatizacións. Agora, os dous (o goberno actual e o partido do goberno de antes) teñen a oportunidade de facer certas a súas palabras e teñen aquí ao BNG-Asembleas Abertas para lle axudar a recuperar para o público a xestión destes servizos. Paralice estas adxudicacións.

4º.- O 16 de xuño de 2015 no DOG, publicouse a Orde da Consellería de Sanidade de 2 de xuño de 2015 pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións para o cofinanciamento de proxectos de prevención de drogodependencias e condutas aditivas promovidos por concellos, mancomunidades ou asociacións de concellos, e procédese á súa convocatoria; o concello de Vedra, solicitou esta subvención?

5º.- A empresa concesionaria do abastecemento e que ten actualmente prorrogado o servizo dende hai case 3 anos (unha prórroga de 3 meses que se converteu en 3 anos) (antes AQUAGEST, agora rebautizada como VIAQUA) ten presentado no Xulgado Contencioso-Administrativo unha reclamación ao concello de Vedra por importe de 200 e pico mil euros. En vía administrativa o concello despachouna con silencio administrativo; agora o asunto está nos Xulgados de Fontiñas. ¿Como está o asunto? ¿Que está a facer o concello, segue mantendo silencio?

6º.- Respecto da licitación da xestión da Gardería (no caso de que non se atenda o rogo antes feito - paralice e anule o trámite-).

A concesionaria terá liberdade para designar o mes de vacacións, ou este será elixido por cada nai e incluso de xeito fraccionado?

A concesionaria só admitirá alimentos do seu comedor ou as/os nais/pais poderán mandar a comida que desexen da súa casa e será servida polo persoal da escola?



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Telef. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



A concesionaria poderá decidir unilateralmente o material escolar ou proxecto educativo ou terá que ter en consideración acordo maioritario das/os nais/pais?

7º.- Coas ofertas de emprego relativas á ludoteca. Este servizo quedará totalmente cuberto con man de obra pública ou tamén haberá prestación de servizos pola empresa privada? De ser o caso, en que dedicación participa unha e outra?

8º.-O GDR Terras de Compostela, da que o Sr. Alcalde é presidente, convoca unhas bolsas para intercambio xuvenil con cargo ao programa Erasmus+. Segundo recolle a circular asinada polo presidente, cada concello fará a selección dun participante e un suplente. Que persoas seleccionou o Concello de Vedra e cal foi o criterio?

Conclúe ao fío das vinte e tres horas e vinte e cinco minutos.